



A baxaina

A REVISTA DO C.E.I.P. "PRÁCTICAS"



Número 9

Letras Galegas 2010

A B C D E F G H I J K L M N O P Q R S T U V W X Y Z



Uxío Novoneyra



**S
U
M
A
R
I
O**

Sumario..... Páx. 2

EditorialPáx. 3

Infantil..... Páx. 4- 10

2º Ciclo Páx 11-13

Terceiro Ciclo..... Páx .14-15

Especial Letras Galegas.....Páx. 16-29

Terceiro Ciclo (Cont).....Páx 30-40

Celebraremos o día das L. Galegas Páx. 41

Contraportada Páx. 42




Infantil

N
O
S
P
Q
R
T
U
V
W
X
Y
Z

Nas actividades do colexio

Xogos, Entroido...



Magosto, Nadal, Día da Paz



A castaña salvada


Cada un dos 227 alumnos e alumnas de E. Infantil deste centro educativo, no mes de novembro, sementan dúas castañas nun pequeno recipiente transparente . Durante o resto do curso coidanas e observan o seu crecemento. Alá polo mes de Xaneiro saen os primeiros castiñeiros e pouco a pouco todos os demáis.

Estes fermosos castiñeiros son un agasallo para que as familias o planten o “Día da árbore” que se celebra o 21 de marzo





XOGAMOS





A Buxaina

Vimos aos Reis.....

Estivemos no Festival do Nadal.....





Cantámosle a Paz



¡Somos amigos. somos amigos !!

Somos amigos desde el día en que nos conocimos!...

¡Somos amigos. somos amigos!!

Porque sabemos que al encontrarnos nos divertimos...!



O entroido, letras galegas





E os nosos traballos





SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

Adiviñas, refráns, educación viaria.....







☺ MAGOSTO

Adiviñas e refráms.


- Alto estou,
cor de ouro teño
e por unha risotada
perdo o que teño.
(O ourizo.)



- Cal é a cousa, cal é ela
ten tres capas de inverno:
a primeira mete medo,
a segunda é lustrosa
e a terceira é amargosa.
(A castaña.)



- Castañas, moces e viño fan a
bedicia do San Martiño.



3.º A Ángela-C.



EDUCACIÓN VIARIA

O xoves 28 de xaneiro fomos a Espourense a educación viaria. Unha axente de policía explicounos os tipos de sinais que hai e tamén que o sinal STOP ten varios significados, do dereito: S-Sempre, T-Teno, O-Obrigación, P-Parar, ou tamén: S-Se, T-Tes, O-Olles, P-Para e do revés: P-Paras, O-Ou, T-Te, S-Estrelas.

Despois vimos un vídeo no que nos ensinaron as partes dunha rúa, como e onde temos que cruzala etc...

Logo, cando xa sabiamos todo o que tiñamos que saber, montámos 5 minutos en car e outros 5 en bicicleta. Podiamos ir onde quixeramos, pero tiñamos que respectar os sinais.

Finalmente montámos no autobús de volta ao colexio. Foi un día moi educativo e divertido!





CONTOS, POESÍAS, VIAXES QUE NARRAMOS...

**Contos,
lendas ..**

**Poesías.
coplas...**

**Viaxes que
narramos...**





○ INVERNO

Coa nariz colorada
e bufanda de cores
paseo pola rúa
dando tiritóns

O sol está escondido
e o vento asubiando
froto e froto s miñas mans
xa se estaban xelando

Os bichiños do barrio
hoxe non saíron
e en todas as casas
o lume da cheminea acenderon

Que é o que ocorre
pregunteille a mamá
pois é que o inverno
chegou xa

Rubén 6° C



ESPECIAL LETRAS



SALEZAS 2010



A NOSA LITERATURA É UNHA

SUMA DE

UXÍO NOVONDEYRA 2010

RAMÓN PIÑEIRO

J. M. ÁLVAREZ BLAZQUEZ

MARÍA MERINO

MANUEL LUGRIS

BLANCO TORRES

MURGUIA

"XOCAS"

ELADIO RODRÍGUEZ

FREY MARTÍN SARMIENTO

LUIS SEOANE

RAFAEL DIESTE

FERRO COUSELO

ANXEL XOLE

AVILÉS DE TARAMONCO

FRANCISCA HERRERA

ÁLVARO CUNQUEIRO

BOUZA BREY

LUIS PIMENTEL

LORENZO VARELA

OTERO PEDRAYO

XOÁN CANGAS, MARTÍN

BLANCO AMOR

CELSO EMILIO FERREIRO

CODAX E MENDIÑO

ANTÓN LOSADA

ALFONSO X O SABIO

VICENTE RISCO

AMADO CARBALLO

LÓPEZ FERREIRO

LAGO GONZALEZ

MANUEL ANTONIO

NORIEGA

VICENTE VIQUEIRA

VILAR PONTE

R. CABANILLAS

LAMAR CARVAJAL

CUEVILLAS

PINTOS VILLAR

GONZALO LÓPEZ

CURROS

VALLADARES

ROSALÍA

PONDAL

AMÓN

AQUILINO IGLESIAS

CASTELAO





A súa obra

LIBERTÁ chamas nos ollos tristes nas caras do METRO
nos que xa perderon o futuro e ganan o pan con sobresalto
na gran cidade nos tesos cumes i en todo o silencio preguntando.

Vélante os xóvenes
i os que saben da morte e xuntan inseguranza e desamparo.
Cando vexo un neno penso en ti
e si oio un bruído sin nome coído que ti chegas i acude todo o sangue.

Todo bruído sin nome é un agoiro.

Madrid / O Courel
1962- 1964



A Buxaina

SE o pasado é pasado
i o presente é o urgente
por qué inda busca a xente
aquil soño clausurado?

Vido visto ben Santiago
i esa cuestión non resolta
fago camiño de volta
camiño de volta fago.

Camiño de volta fago
volvo do cabo do Mundo.
Terra sólo en ti me fundo:
é a certeza que trago.



Biografía

A persoa que se ía converter no poeta Uxío Novoneyra nace o 19 de Xaneiro de 1930, na aldea de Parada de Moreda, en plena serra do Courel, dentro dunha familia labrega acomodada. O futuro escritor pasa a nenez e mocidade neste marco xeográfico courelán da Galicia arredada que segue conservando nese momento os seus tradicionais modos de vida e que conformará cos súa particular impronta as experiencias básicas da futura creación poética do autor, de inspiración esencialmente telúrica. Da mesma maneira, o ambiente histórico represivo da convulsa situación da década dos trinta e comezos dos corenta, que coincide cos anos de nenez e mocidade, deixarase ver máis tarde na súa poesía cívica.

En 1945 trasládase, durante o período escolar, a Lugo para estudar o bacharelato, que remata en 1948. Neste último ano coñece nesta cidade ó seu compañeiro de xeración, o escritor da Terra Cha Manuel María. Con anterioridade, en 1947, xa fora vivir a Parada a autora noíesa María Mariño Carou, con quen o noso autor iniciará unha profunda relación persoal que durará ata a morte da poeta en 1967 e que deixará a súa forte pegada na obra de ambos. De 1949 a 1951 está en Madrid e alí, tras superar o Exame de Estado, matricúlase por ouvinte na carreira de Filosofía e Letras. Esta xeira madrileña é unha etapa de formación cultural, en gran parte autodidacta, na que empezará a escribir en castelán, chegando a publicar na revista universitaria Bengala dous poemas que formaban parte do libro inédito Desde las cosas. É este tamén un momento de eclosión política estudiantil e nese ambiente entra en crise o pensamento do autor, quen daquela comeza a conformar a súa ideoloxía crítica e dá o seu primeiro recital poético nas aulas universitarias, iniciando así a que será a súa recoñecida actividade como “decidor” de poesía.

En 1952 Novoneyra volve a Galicia para facer o servizo militar, con estancias en Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo, coincidindo outra vez con Manuel María. As experiencias composteláns son fundamentais pois espertan no escritor unha nova conciencia galega que se vai forxando en contacto con figuras como o pintor Carlos Maside, o ensaísta e ideólogo Ramón Piñeiro e a figura polifacética e patriarcal de Ramón Otero Pedrayo, tres personalidades esenciais na conformación da futura obra novoneyriana. É precisamente este contacto co



A Buxaina

galeguismo, xunto coa volta ao Courel durante unhas vacacións no ano 1952, o que motiva o autor para escribir en galego. A continuación, de 1953 a 1962, permanece no seu lugar de nacemento tendo que gardar repouso a causa dunha pleuresía. Nesta situación de soledade nace o ciclo poético courelán, que se inicia co libro Os eidos (Galaxia, Vigo, 1955), escrito entre 1952 e 1954. A obra, significativamente dedicada a Maside e Piñeiro, leva un prólogo en forma epistolar deste último insistindo de maneira especial no motivo central da vivencia da terra que o ensaísta consideraba esencial na tradición cultural galaica. Máis, por outra banda, as relacións galeguistas lévano a participar en actos puntuais que o vencellan ao agromar xuvenil do momento, como o recital inaugural do ciclo “Homenaje a la poesía gallega” organizado en Compostela no ano 1957; nel pronuncia unhas valentes palabras na nosa lingua proscrita, acompañando a lectura de textos do cancionero medieval, xesto político que causaría un forte impacto no ambiente represivo e timorato dos negros anos cincuenta, como nos lembra Xosé Luís Franco Grande no seu libro Os anos escuros (1985) sobre a resistencia cultural da xeración do noso autor.

No período que vai de 1962 a 1966 o escritor vive en Madrid. Nesa capital traballa na radio e na televisión, sempre en programas relacionados coa poesía galega, española ou universal; participa na bohemia vida madrileña; e asiste ás tertulias do Café Gijón, co poeta Carlos Oroza, o pintor Tino Grañido e un grupo de artistas plásticos como Urculo ou Viola. Ao mesmo tempo, relaciónase cos membros do grupo Brais Pinto: o pintor Reimundo Patiño, o profesor Hermínio Barreiro, o político Bautista Álvarez e os escritores Ramón Lorenzo, Bernardino Graña, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín. Neste ambiente de vangarda artística e preocupación socio-política escribe, entre 1962 e 1965, a serie poética titulada “Elegías de Madrid”, que xunto con outras dúas anteriores (“Primera verdad y tiempo con nombres” e “Elegías del Caurel”, elaboradas respectivamente entre 1953 e 1957 e 1958 e 1961) conforman o libro, editado na capital do Estado en versión bilingüe galego-castelá e dentro da colección “Adonais”, Elegías del Laurel y otros poemas (Rialp, Madrid, 1966).

En 1966 retorna de novo ao Courel, debido á enfermidade dos seus proxenitores, e xa desde este momento quedará a vivir en Galicia. O seu pai morrerá en 1971 e dous anos despois a súa nai, pero en 1968 coñece en Lugo a Elva Rei coa que casará en 1973. A parella terá logo tres fillos, Branca-Petra, Uxío e Arturo, e residirá ata 1983 entre Lugo e O Courel. Daquela recolle os poemas do ciclo courelán posteriores á publicación do primeiro libro, escritos entre 1954 e 1957, que, xunto con outros máis recentes de marcado signo político, conforma a obra titulada Os eidos 2 (Galaxia, Vigo, 1974), ilustrada con debuxos de Laxeiro e dedicada á memoria dos seus pais e de María Mariño. Esta nova entrega courelá leva un significativo subtítulo alusivo á poética contemplativa que a inspira, “Libro de olladas”, e está organizada en catro partes relativas ao ciclo de “Os eidos”, “Serra aberta”, “Follas de cantigas”, “Diario de enfermo” e “Don do silencio”, e dúas



de nome cívico, “Letanía de Galicia e outros poemas” e “O Laxeiro pintor dunha Galicia”. Logo, as dimensións políticas e gráfico-visual aparecen conxugadas no seu seguinte libro, *Poemas caligráficos* (Brais Pinto, Madrid, 1979). A obra é o

número un dos “Cuadernos da Gadaña”, colección de título alusivo á vangarda pictórica artillada en torno a Brais Pinto coa que se atopa en perfecta sintonía non só polas creacións caligráficas e tipográficas, senón tamén por todo o aparello paratextual que as rodea: o limiar “Signos no vento, signos no tempo” de Reimundo Patiño, as citas de Luís Seoane e do estudioso expresionismo abstracto Anthony Everitt, así como o debuxo do aludido patiño, o deseño de Xosé Manuel Pereiro e o álbum fotográfico, de Novoneyra no Courel e con Elva, que lle serve de colofón. O núcleo poético do libro divídese en dúas partes: “Vietnam canto” e “Poemas caligráficos”. Por outra parte, nestes anos de marcada preocupación cívica, traduce ao galego varios poemas do escritor e político chinés Mao Zedong (*El Progreso*, 19-9-1976).

A comezos da década dos ostenta Novoneyra é considerado xa como un clásico pois como tal o confirman non só o seu tratamento na *Gran Enciclopedia Galega*, senón moi especialmente os estudos da nova crítica, como o revelador “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra” publicado en 1980 por Claudio Rodríguez Fer ou os comentarios literarios como o sopesado “O iceberg poético de Novoneyra” que escribe Anxo Tarrío en 1981. Máis tarde, en 1984, Méndez Ferrín contribúe fundamentalmente a esta canonización ao escoller o seu nome para o título do libro *De Pondal a Novoneyra*, co que o crítico sintetiza en fermosa metonimia a súa persoal visión da historia da poesía galega. E a inclusión no canon será definitiva en 1989 ao ser incluída a súa obra entre os obxectos de estudo do libro *Poesía galega* de Rodríguez Fer. Por outra parte, nesta mesma década o noso autor inicia a recompilación completa do seu ciclo courelán, despois de sometelo a unha rigorosa depuración. Así, publícase no número un da colección *Grandes Mestres Os eidos. Libro do Courel* (Xerais, Vigo, 1985). Ambas obras levan unha exhaustiva antoloxía de comentarios críticos de moi diversas auditorías e un glosario feito polo propio poeta, ademais dun caligrama del mesmo, tres retratos seus realizados por Carlos Maside, Tino Grandío, Laxeiro e Pedro Martínez Tavera, así como ilustracións de Blas Lourés, o citado Maside e René Portocarrero, xunto coa partitura da composición “Pasan pasan as nebras”, para canto e piano, feita por Manuel Balboa. Ten un interese especial o apartado desta edición titulado “Fragmentos de críticas apoloxías e semblanzas” pois serve como guía básica da recepción crítica da obra novoneyriana e constata o recoñecemento xeneralizado do seu canto telúrico, por enriba das reticencias interesadas que sempre suscitan no mundo literario as obras que se impoñen por si mesmas, indiscutibles.

En 1983 afínase definitivamente en Compostela, desde onde exerceu a presidencia da Asociación de Escritores en Língua Galega, a partir da súa primeira elec-



A Buxaina

ción en 1982 ata a súa morte en 1999. Desde o punto de vista creativo, na segunda metade da década dos ostenta comeza unha reagrupación temática da súa obra completa. Así, en Muller pra lonxe (Deputación de Lugo, Lugo, 1986) reúne,

no número un da colección por el mesmo bautizada "Gran Lugo de nebra", os poemas eróticos e amorosos nunca edición artística ilustrada polo pintor lugués Carlos Pardo Teijeiro, así como polos trazos manuscritos do autor, e acompañada dun epílogo crítico do poeta Claudio Rodríguez Fer. Máis adiante, aparece na colección "Vento que zoa" Do Courel a Compostela 1956- 1986 (Sotelo Blanco, Barcelona, 1988), unha antoloxía que recolle todas aquelas composicións de temática política, acompañadas por unha escolma de textos críticos da autoría de Xesús Rábadé Paredes, Herminio Barreiro, Luís Seoane, Basilio Losada, Reimundo Patiño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xulio Valcárcel e Claudio Rodríguez Fer, o libro está ilustrado con numerosas caligrafías do Courel de Federico García Cabezón, retratos do escritor por Lorente, Laxeiro e Maside, e reproducións de Os anos escuros de Franco Grande e de dous números da revista Si la píldora bien supiera no la doraran por defuera, onde aparecerán referencias ao escritor xunto cos seus poemas "Pranto polo Che" e "Vietnam canto". E, seguindo estas recompilacións temáticas, publícase finalmente unha nova versión bilingüe galego-euskera da serie courelá, pero depurada dos elementos políticos ou eróticos, presentes nas publicacións anteriores deste ciclo, e sen as dedicatorias nin o glosario das versións precedentes. Esta edición, titulada Bazterrak/ Os eidos I e II (Pamiela, Iruñea, 1988) foi realizada e prologada polo poeta donostiarra Koldo Izagirre. Máis adiante, ao comezo da década dos noventa ve a luz unha edición introducida e anotada deste ciclo telúrico, agora na colección Biblioteca das Letras Galegas e ao coitado de Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, Os eidos (Xerais, Vigo, 1990), edición que contribúe á consolidación do escritor no canon literario galego e que, con respecto aos textos, repite a anterior á que só engade un último poema, o titulado "O monte Cido", escrito en 1985. Nesta mesma liña canonizadora do autor dentro do sistema literario, tres anos despois, na colección "Criterio" promovida pola Asociación Sócio- Pedagóxica Galega, Antonia López García publica un traballo sobre a súa obra: Os camiños do soño (a poesía de Uxío Novoneyra) (Do Cumio, Vigo, 1993).

Máis os anos noventa van amosar unha nova contribución creativa do escritor, que dá a coñecer dúas publicacións de literatura infantil, O cubil do xabarín (Edelvives, Zaragoza, 1991) e Gorgorin e Cabezón (Edelvives, Zaragoza, 1992), dous contos de aventuras protagonizados por rapazas e rapaces, ambientados na xeografía do Courel e cunha rica linguaxe poética. Nesta mesma década, reeditase na colección "Merlín e Familia" Elexias do Caurel e outros poemas, con modificacións, ademais do engadido da serie "Madrid / noite", ilustrado cun debuxo de Reimundo Patiño e baixo o novo título de Tempo de elexia (Vía Láctea, A Coruña, 1991). Ademais, despois dun longo silencio, roto tan só pola aparición



dalgunha composición nova, como puído ser a titulada “Viaxe”, dada a coñecer en 1991, ou a saída da segunda edición da obra Os Eidos da Biblioteca das Letras Galegas (Xerais, Vigo, 1991), publica unha entrega poética individual, Poemas da

doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras (Espiral Maior, A Coruña, 1994), con gravados de Carlos Crego, fotografías de Federico García Cabezón, unha pintura de Reimundo Patiño e caligrafías do propio autor. Esta reaparición poética complétase coa publicación do poemario de temática compostelá e autoría colectiva Camélio xaponés (Consortio de Santiago, Santiago de Compostela, 1995). A obra reúne en edición bilingüe galego-nipona sete xiiikas (versos xaponeses) de Ayako Sugitani, en versión galega de Novoneyra, e tres composicións galegas do noso autor, postas en xaponés pola citada escritora nacida en Hagí-Shi. Trátase dun libro de coitada edición institucional que reúne os textos poéticos referidos, xunto con caligrafías e fotografías de Ayako Sugitani. Ao ano seguinte Xosé Manuel Varela Varela edita unha pequena antoloxía da produción novoneyriana baixo o título Do Courel ó Monte Branco (Asociación Cultural Monte Branco, Ponteceso, 1996), que de novo asocia o mundo do noso autor co de Pondal ao unir a paisaxe mesma da orixe da terra pondaliana cos resoantes ecos dos cumes do silencio de Novoneyra, como se dicía nun artigo titulado “De Rosalía a Xohana Torres” dese mesmo ano.

E neste último período o poeta segue sacando á luz diversas mostras creativas en distintos medios, como as “Lendas de a cavalo” (O Correo Galego 13-VII-1997), pertencentes á obra inédita a que o propio escritor se ten referido en distintas ocasións como Libro de Rotas/ Ameto Mítico ou simplemente Ameto Mítico., e que saíra á rúa uns días despois do seu pasamento, acaecido o 30 de outubro de 1999, baixo o título Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago outras rotas (Hércules Ediciones, A Coruña, 1999)



A súa obra, (cont.)

Galicia da dor, chora a forza
GALICIA da tristura triste á forza
GALICIA do silencio calada á forza
GALICIA da fame emigrante á forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á for
libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fuxir libre pra fuxir

GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva aínda
recóllote da TERRA estás mui fonda
recóllote do PUEBLO estás n'il toda
recóllote da HISTORIA estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa


sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa




Galería de imaxes



Foto do libro de calificacións, bacharelato



En Madrid en 1963





En Madrid en 1965



Con Manuel María e María Mariño no Courel

Na redacción do Progreso, Lugo 1970




Con Elba en Lugo 1974



Con Elba no Courel



No Courel en 1981



N aorta da súa casa en Parada



Os seus gravados





AS COPLAS DE 5º B

ao colexio


chegou o maio
con el as romarías
para que nenos e nenas
contentos sorrián


estou nun colexio
do barrio da ponte
somos moitos
que temos esa sorte

mira este colexio
que vello que está
nin me imaxino
de cando será

como se chamará
eu preguntei
alguén o saberá
alguén mo dirá

ivaia co nome
que profes tan raros
están todos tolos
de tanto estudar






se queres estudar
e aquí eb ourense
ven a anexa
é o máis intelixente

non te preocupes
ten bo profesorado
e ti sairás
diplomado

áínda ca entrada
parece un "pazo de xustiza"
a cadea perpétua... condenados

e co ritmo lento da música
que poñen ao entrar e saír
non significa
que esteamos sempre a durmir

non podemos ir xogar
mánoanos moitos deberes
non paramos de estudar
xa nos partamos deles




queremos que sone o timbre
 queremos saír ao recreo
 zústanos estar ao aire libre
 e poder dar un paseo

temos un patio grande
 nel podemos xogar
 pero se neva ou cove
 temos todos que escapar

este colexio de prácticas
 eche moi especial
 pola mañá facemos tarefas
 e pola tarde a adestrar

neste colexio "anexo"
 temos moito que suar
 subir e subir escaleira
 e todo iso para estudar

obras fixeron
 ascensor puxeron
 pero de escaleiras mecánicas
 non estenderon




XA IMOS CARZADOS
escaleiras temos de aborro
acábanse os problemas
coas mecánica en todo

que ben fixo o colexio
ponno ascensor e mezaforia
que con zaiteiros e pirampimpin
alégranse todo o día


XA empeza de novo
XA hai que estudar
XA temos deberes
XA hai que traballar

con moitos deberes
algunha poesía
nós facemos de todo
sempre con moita leicia

neste meu colexio
hai moitos profesores
que nos ensinan cousas
e sobre todo a ser mellores



AOS mestres/AS





neste colexio hai
 moitos mestres e mestras
 que ensinan cada día
 o que eu so non aprendería

o profe manolo
 eche moi especial
 explica litros e metros
 e non nos deixa xo^sar

é o director
 e moi bonachón
 por iso as "mates"
 molan mogollón



grazas a d. manuel
 que me sabe ensinar
 a min dáese moi ben
 o multiplicar

co profe cde relixión
 moi contenta estou
 lévanos a ver ao apóstolo
 e é un día de excursión





A Buxaina





no cole tamén está xoan
ese é o profe de relixión
que nos pon cada luns
sempre a mesma canción
o profe de gimnasia
non paramos de correr
moitos xa acabamos cansos
e xa preferimo ler

A mestra Anxeles
non nos deixa levantar
pero como temos lapis
témolo que afiar

A ledicia da miña profe
contáñanos cada día
e moito máis cías cores
que leva cada día

O día que a vin en chandal
pasmadiño me quedei
xa que conxunta todo
coma unha chica "ge-ge"



bicos e apertas dos nosos pais,...



O RÍO MIÑO,
COMO, CANDO
ONDE



ALBA RODRÍGUEZ CANEIRO 6º A



A Buxaina

Fai uns douscentos anos, na cidade de Ourense, non existía o río Miño. Como non había baños, os homes e mulleres tiñan que lavarse en lagoas, regatos,...

Unha tarde, dous homes cansados de ter que ir a Lugo a lavarse, decidiron buscar solucións para que houbera un río en Ourense. Foron visitar ao bruxo do lugar. El díxolles que a única forma de crear unha corrente de auga era alterando o curso da natureza ou aliándose co demo. Como naquel tempo todos eran moi devotos a Deus, pensaron que iso non lle gustaría ao seu Señor. Moi desgustados, sentaron nunha pedra e comezaron a rezar. Nese momento, unha nena de cabelos longos e negros díxolles: "se un río queredes conseguir, sen ao voso Deus facer sufrir, debédesme seguir e ás palabras do meu amo atender, así saberedes a quen dano facer". Camiñaron xunto coa moza ata o castelo do demo. Cando se viron con el, a avaricia apoderouse deles. No instante unha bóla de cristal alumeouse e poideron ver a un anxo pequerrecho cun osiño de felpa ao que chamaba Miño. A voz do demo soou: "A ese anxo quitarédeslle o osiño, el chocará e o voso querido río formará. A cambio, a vosa vida quedará nas miñas mans". Así sucedeu, quitáronlle o boneco e o rapaz chorou e chorou. Os homes viron durante tres minutos como se formaba unha corrente de auga. Despois, Satanás colleunos e tirounos ao río. Mentras afogaban lembraban vagamente as palabras de seus pais: "quen fai un trato co demo acaba co seu desexo convertido en pesadelo".

Nese momento, os habitantes de Ourense oían a voz do anxo chamando polo osiño: "Miiiño, Miiiño". Cando se achegou a corrente de auga pensaron que era un regalo dese anxo e decidiron chamalo... RÍO MIÑO.

A L E N D A D O R Í O M I Ñ O



Concurso S. Rosendo



A súa historia

Oscar Ocampo Pérez
4ºA



A Buxaina

Un día de outono do ano 907 naceu en Galicia un neno chamado Rosendo. Os seus pais eran condes das terras de Celanova, en Ourense, xente con moitas propiedades e cartos. Como faltaba pouco para chegar o ano 1000 e todos crían que sería a fin do mundo, adicábanse a rezar e a facer boas obras para gañar un posto no ceo. Regalaban terras e cartos para construír igrexas, mosteiros, ...

Dende moi xoven Rosendo marchou a vivir ós mosteiros (o seu tío era bispo dun pobo de Lugo chamado Mondoñedo) e Rosendo con 18 anos tamén foi nomeado bispo.



Como tiña moito mando e a súa familia tiña moitos cartos e moitas terras conseguiu que lles regalaran para construír igrexas e mosteiros, e, gracias a eso, mandou que fixeran nas terras onde nacera seu pai o mosteiro de Celanova, que se rematou de construír o domingo 25 de setembro do ano 942.





Tamén nesa época, en Galicia, fomos invadidos por piratas, sarracenos e normandos, e a xente que vivía aquí tiña que cambiar constantemente de lugar e escapar buscando refuxo. Contra todos estes invasores loitou tamén Rosendo porque como foi un hombre tan importante nombrárono Virrei de Galicia e organizou un forte exército do que se puxo ó mando e venceu ós normandos e ós moros: ós primeiros conseguiu que reembarcasen e fuxiran e ós segundos fíxos retroceder en Portugal.

Cando volveu da batalla a Santiago foi recibido por moitas persoas e celebraron grandes festas porque era un verdadeiro héroe, pero como tamén había outras persoas que tiñan moita envexa por todo o que conseguira atacaron e tivo que escapar e refuxiarse nun mosteiro que tempo atrás mandara construír: o mosteiro de Celanova.

Morreu cando tiña 70 anos e enterrárono na igrexa deste mosteiro, debaixo do altar da Capela de San Xoan. Estivo alí durante máis de 500 anos e no ano 1601 cambiaron os seus restos de sitio e colocáronos nunha urna de prata no lateral dereito do altar maior.

O papa Celestino III ordeou facer Santo a Rosendo e a súa festa celébrase o día do aniversario da súa morte, o 1 de marzo.



Concurso de San Rosendo. Celanova



ASÍ CELEBRAREMOS AS LETRAS GALEGAS 2010

DÍA 14

HORA: 10:00

**LUGAR: Salón de
actos**

Actuacións.

- **BENVIDA**
- *Biografía e obra de Uxío Novoneyra*
- **3ºA:** *Conto narrado “Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín” de Uxío Novoneyra*
- **4ºA:** *Poemario animado:*
- *“Dona Parrula”, “Había unha Vez” e “Nun país encantado”*
- **3ºB:** *Teatro: “Berenguela”*
- **4ºB:** *Poemario animado: “Chove”, “Rir”, “Medrar”*
- **3ºC:** *Teatro: “¡Bos días!, O Mago Caldeireta, Diálogo de ollomoles.*
- **4ºC:** *Poemario animado: “Pola fiestra”, “O año Ricaño”*
- **3º A:** *Canción: “Chámome Don Pablo”*

HIMNO GALEGO

3º CICLO DE PRIMARIA

HORA: 12:15

- **Música:** *“Pupurri de música tradicional”*
- **6ºB:** *Teatro: “Os casados de pouco”*
- **6ºA:** *Teatro: “A consulta do Dr. Regulez”*
Play-bak : “Grease”

Muiñeira con gaita

- **3ºB:** *Teatro: “Berenguela”*

